



**1 A ver se sabes contestar este test de preguntas relacionadas con Diana e a súa familia. Marca a resposta correcta!**

**• A que se dedicaban o pai e a nai de Diana na cidade?**

- O pai construía barcos e a nai era fotógrafa.
- O pai era escritor e a nai ama de casa.
- Os dous eran mestres.

**• Por que o pai de Diana prefire plantar piñeiros?**

- Porque nunca secan.
- Porque a venda da súa madeira dá cartos.
- Porque dan piñas.

**Por que se mudaron á aldea?**

- Porque lles gusta vivir alí.
- Porque a avoa llelo pediu.
- Porque a fábrica do pai pechou.

**• A que outra actividade se dedica o pai de Diana?**

- A vender leite.
- A criar ovellas.
- A facer queixos.

**• Que ten de especial o verán no que comeza esta historia?**

- Diana non ten vacacións.
- A gran seca.
- Chove seguido.

**2 Sinala verdadeiro  ou falso  nas seguintes frases sobre as fadas verdes.**

Volven nacer cando hai treboada.

Viven nos faiados das casas.

Ao morreren desfanse en po.

Goewín recupérase na casa de Diana.

As fadas verdes encárganse de coidar todos os bosques do mundo.

A Goewín non lle volven nacer as ás tras o incendio.

A regra máis importante do mundo máxico é que ningún humano vexa as fadas.

**3 Escribe neste cadro cal é a palabra que designa...**

Un bosque de castiñeiros

Un bosque de carballos

Un bosque de piñeiros

Un bosque de freixos

Un bosque de abeleiras

Un bosque de amieiros

**4 Describe a paisaxe que atopa Diana tras o incendio.**

.....

.....

.....